Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN: Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 80 41 00

http://bop.depontevedra.es

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 87 34 00

Depósito Legal: PO-1-1958 — LUNES 3 JULIO — AÑO 2006 Núm. 126

SUMARIO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Augas de Galicia — *Pág.*

Demarcación Galicia Sur - Vigo 2

CONSELLERÍA DE TRABALLO
SERVIZO RELACIÓNS LABORAIS

Convenios Colectivos

Gándara Censa, S.A. (Laudo arbitral) 5

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Provincial

Diputación Provincial..... 9

Municipal

Cangas..... 10
Cambados 23
Tomiño..... 23

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Juzgados de lo Social

De Pontevedra 23
De Vigo 25

SECCIÓN NO OFICIAL

Notas - Anuncio 28

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

DEMARCACIÓN GALICIA SUR

VIGO

ANUNCIO

Expediente clave: DH.W36.11784

O concello de Vigo, con NIF P-3605700H, con enderezo na Praza do Rei, s/n Vigo, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público, solicita autorización para instalación de telecontrol en tanques de tormenta D-21 e D-22.

As obras solicitadas consisten na instalación de telecontrol, na zona de policía do río Lagares no lugar Parque de Castrelos, formado por:

— Armario de poliéster reforzado de fibra de vidro de 1,25 x 1,25 x 2,30 metros sobre bancada onde se instalan os equipos de medida da calidade da auga na zona de policía.

— Sistema de toma de mostra de auga do río cunha pequena bomba dentro da tubaxe de impulsión de polietileno de 32 mm de diámetro, soterrada en gabia até o armario, onde se analizará a auga e a tubaxe de retorno pola mesma gabia ao río.

— Instalación eléctrica na zona de policía soterrada protexida con tubos de PVC, comunicando o cadro eléctrico existente co armario do telecontrol, e o sinal do nivel ultrasónico no tanque de tormenta.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Vigo, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar-oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 20 de abril de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006004211**

ANUNCIO

Expediente clave: DH.W36.11782

O concello de Vigo, con NIF P-3605700H, con enderezo na Praza do Rei, s/n Vigo, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público, solicita autorización para instalación de telecontrol en tanques de tormenta I-45.

As obras solicitadas consisten na instalación de telecontrol, na zona de policía do río Lagares no lugar Ponte de Cabral, formado por:

— Armario de poliéster reforzado de fibra de vidro de 1,25 x 1,25 x 2,30 metros sobre bancada onde se instalan os equipos de medida da calidade da auga na zona de policía.

— Sistema de toma de mostra de auga do río cunha pequena bomba dentro da tubaxe de impulsión de polietileno de 32 mm de diámetro, soterrada en gabia até o armario, onde se analizará a auga e a tubaxe de retorno pola mesma gabia ao río.

— Instalación eléctrica na zona de policía soterrada protexida con tubos de PVC, comunicando o cadro eléctrico existente co armario do telecontrol e o sinal do nivel ultrasónico no tanque de tormenta.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Vigo, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar-oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 20 de abril de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006004273**

ANUNCIO

Expediente clave: DH.W36.11964

Oreco, S.A. con CIF A36614691, con enderezo en avenida Fragosiño, s/n de Vigo, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público, solicita autorización para obras de conexión ao colector municipal con afección ao regato do Fondón, no barrio de Angorén s/n, parroquia de Chapela, no concello de Redondela (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na conexión das augas fecais da nave ao saneamento municipal

existente paralelo ao regato Fondón, eliminando a fosa séptica; para elo é necesario a instalación de 37,50 metros lineais de colector de PVC de 315 mm de diámetro e un pozo de rexistro en zona de policía de leitos de dito regato, 5 metros lineais e pozo en zona de servidume e cruce do regato en zanxa cun recubrimento mínimo de 1 metro para conectar co pozo de rexistro existente, no lugar do barrio de Angorén s/n, na parroquia de Chapela, concello de Redondela.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Redondela, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar-oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 15 de xuño de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006006085**

A N U N C I O

Expediente clave: DH.W36.11965

Dona María Esther Martínez Bugallo con NIF 76.864.864-Z, con enderezo en rúa do Castro, 8-C, Cambados, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público, solicita autorización para construcción de pontella de cruce, rehabilitación muíños e arranxo das marxes do regato.

As obras solicitadas consisten na construcción de pasarela sobre regato innominado, sendo do mesmo propietario os terreos de ambas marxes. A pasarela será de madeira cunha lonxitude de 4 metros e 2 metros de ancho, así como rehabilitación de muíños consistente na reconstrucción de paredes e tellados e acondicionamento e reparación de muros de mampostería existentes nas marxes, no lugar de Abelleira-Ouviña en Cambados.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Cambados, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar-oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 12 de xuño de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006006000**

A N U N C I O

Expediente clave: DH.W36.11867

Don Antonio Pérez Troiteiro, con NIF 35.926.323-R, con enderezo en Rial, 55, Soutomaior, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público, solicita autorización para construcción de 3 vivendas e muro de pedra.

As obras solicitadas consisten na construcción de 3 vivendas unifamiliares en zona de policía de leitos do río As Cernadas. Dúas delas pareadas e outra illada con soto, andar baixo e 1º andar, cunha superficie total construída de 226 m^2 por vivenda a unha distancia mínima do regato de 21 m., construcción dun muro de mampostería de contención de terras de 40 metros de lonxitude entre 0-1,30 metros de altura a unha distancia mínima do regato de 5 metros, rematándoo con rede metálica de 1,50 metros de altura, así como outro muro perpendicular ao río das mesmas características de 25 metros de lonxitude, no lugar de Alxán de Abaixo, Soutomaior.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Soutomaior, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar-oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 7 de xuño de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006005956**

A N U N C I O

Expediente clave: DH.W36.11866

O concello de Vigo, con NIF P-3605700H, con enderezo na Praza do Rei, s/n Vigo, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público, solicita autorización para as obras de demolición e construcción dunha nova ponte sobre o río Lagares, no lugar da rúa Baixada do Pontillón, parroquia de Freixeiro, no concello de Vigo (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na demolición da ponte antiga e construcción dunha ponte nova sobre o río Lagares, formada por un taboleiro de losa isostática postensada de 30 metros de luz e unha anchura de 12 metros, e un canto variable de 1,50 a 1,15 metros no centro e 0,22 metros nos estremos; os estribos proxectados cimentaranse sobre 3 pilotes de 100 cm de diámetro e protexeranse con escollera, e como continuación dos estribos na zona augas arriba para a contención de terras laterais executaranse sendos muros de acompañamento de 13 e 26 metros de lonxitude, no lugar da rúa Baixada do Pontillón, parroquia de Freixeiro, no concello de Vigo.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Vigo, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar-oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 31 de maio de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006005525**

Anuncio de información pública

Dona María Fe Novoa Cuñarro, con D.N.I. 76.783.342-G, solicita de Augas de Galicia, un caudal de 0,05 l/s no lugar de Ribeira de Botos, parroquia de San Xoán de Botos, concello de Lalín, e con destino a usos domésticos e rega. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.36.A10987.

As características do aproveitamento son

Solicitante: María Fe Novoa Cuñarro.

Caudal: 0,05 litros/seg.

Destino: Usos domésticos e rega.

Orixe: Manancial (1)

Lugar: Ribeira de Boto. San Xoán de Botos.

UTM: x= 569.140 y= 4.721.950.

Concello: Lalín.

Descrición das obras

Acondicionamento dunha captación coa realización dunha mina de 70/80 metros de lonxitude e unha sección variable de 0,6/0,7 x 1,8/1,9 m^2. Na súa lonxitude colocouse unha tubaxe de PVC de 70 Ø mm que verte a auga a un pozo de aros de formigón de 1,5 Ø m e 3,0 m prof. Dende o mesmo se canaliza á vivenda e a sobrante se almacena nun corgo situado no patio da mesma para a rega do circundado.

Faise público por un prazo de trinta (30) días, que contan dende o seguinte ó da publicación deste anuncio de Boletín Oficial da provincia, para quen se considere prexudicado co solicitado, poida reclamar nese mesmo prazo no concello de Lalín (quen pasado o prazo remitiranos escrito facendo constar se houbo ou non alegacións) ou nesta Demarcación Sur de Augas de Galicia, rúa San Salvador, nº 2-4º en Vigo, onde poderán consulta-lo expediente.

Vigo, a 7 de abril de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006004277**

Anuncio de información pública

Dona Casilda Padín García, con D.N.I. 76.840.534-H, solicita de Augas de Galicia, un caudal de 0,03 l/s no lugar de Portarís, parroquia de Lois, concello de Ribadumia, e con destino a rega. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.11378.

As características do aproveitamento son

Solicitante: Casilda Padín García.

Caudal: 0,03 litros/seg.

Destino: Rega de 0,2 Ha.

Orixe: Mananciais (2): "Penaverde" e "Maceira Grande".

Lugar: Portarís-Lois.

UTM: (1) x= 522.315 y= 4.708.360.
(2) x= 522.390 y= 4.708.105.

Concello: Ribadumia.

Descrición das obras

Acondicionamento dun pozo de 1,2 x 1,2 x 1,7 m^3 no lateral dun canal de rega que se recubriu de ladrillo e se tapou con tapa de lousa de formigón armado e no que se colocou unha tubaxe de PE de 40 Ø mm ata a finca a regar. Na mesma finca e anexo á vivenda abríuse un pozo de aros de formigón de 1,2 Ø m e 1,2 m de profundidade. A auga emprégase para a rega das fincas 48, 49, 50, 51 e 52, pol. 17 Z.C.P. Lois-Ribadumia.

Faise público por un prazo de trinta (30) días, que contan dende o seguinte ó da publicación deste

anuncio de Boletín Oficial da provincia, para quen se considere prexudicado co solicitado, poida reclamar nese mesmo prazo no concello de Ribadumia (quen pasado o prazo remitiranos escrito facendo constar se houbo ou non alegacións) ou nesta Demarcación Sur de Augas de Galicia, rúa San Salvador, nº 2-4º en Vigo, onde poderán consulta-lo expediente.

Vigo, a 1 de xuño de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006005721**

Anuncio de información pública

Dona Rosa Cascallar Rodríguez, con NIF 35.367.551-Z, en representación da Comunidade de regantes Moureira-Currás, solicita de Augas de Galicia, un caudal de 0,20 l/s no lugar de Currás, parroquia e concello de Portas, e con destino a rega. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.10916.

As características do aproveitamento son

Solicitante: Comunidade de Regantes Moureira-Currás.

Caudal: 0,20 litros/seg.

Destino: Rega de 1,6 Ha.

Orixe: Manancial (1): "Fonte das Virtudes"

Lugar: Currás-Portas.

UTM: x= 528.086 y= 4.714.835.

Concello: Portas.

Descrición das obras

Acondicionamento dunha captación coa realización dunha arqueta de 2,0 x 2,0 x 2,0 m^3 e conducción ata un depósito colectivo de formigón armado de 4,0 x 4,0 x 2,0 m^3 (25 m^3 cap.). Do mesmo saen tubaxes de PE de 62 Ø mm ata as vivendas de tódolos comuneiros. A auga empregarase para a rega dos circundandos.

Faise público por un prazo de trinta (30) días, que contan dende o seguinte ó da publicación deste anuncio de Boletín Oficial da provincia, para quen se considere prexudicado co solicitado, poida reclamar nese mesmo prazo no concello de Portas (quen pasado o prazo remitiranos escrito facendo constar se houbo ou non alegacións) ou nesta Demarcación Sur de Augas de Galicia, rúa San Salvador, nº 2-4º en Vigo, onde poderán consulta-lo expediente.

Vigo, a 2 de xuño de 2006.—O Xefe do Servicio, Alfonso Rasilla Buhigas. **2006005722**

Consellería de Traballo

DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE RELACIÓNS LABORAIS

CONVENIOS COLECTIVOS

Laudo Arbitral

Visto o texto do laudo arbitral sobre o conflicto plantexado na empresa, GÁNDARA CENSA, S.A., na determinación de cuestións relativas á antigüidade e a súa remuneración polos traballadores, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 02-05-2006, e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, artigo 2.f) do Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflictos de traballo (AGA) e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a inscrición do devandito laudo arbitral no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

LAUDO ARBITRAL

José Mª Casas de Ron, designado árbitro en acta de compromiso de data 29 de marzo de 2006, conforme ao art. 20 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA), no conflicto que afecta á empresa GANDARA CENSA, S.A. dirime a cuestión resolvendo a situación de litixio conforme ao presente laúdo, baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.—En data 29 de marzo de 2006, reunidos dunha parte D. Antonio Blanco Guerrero, Director de Persoal de Gándara Censa, S. A., e D. Francisco Pazos Pesado, Letrado asesor desta; e doutra, D. José Miguel Ramos Bausela, presidente do Comité de Empresa, D. Jorge Luis Marchan

Pérez, secretario deste, D. José Manuel Bernárdez Alvarez, Delegado de U.G.T., D. Manuel Soto Martínez, Delegado de C.I.G., e D. Santiago Vila Figueiras, Delegado de CC.OO., acordan someterse a un procedemento de arbitraxe, recoñecéndose mutuamente lexitimados no procedemento, e designando como árbitro ao actuante. Ao devandito procedemento foille asignada a referencia AGA 14/06.

Segundo.—O conflito formulouse á finalización do proceso de negociación colectiva seguido na empresa dende o ano 2005, a non se alcanzar acordo na determinación de cuestións relativas á antigüidade e a súa remuneración polos traballadores. Para estes efectos, as partes mantiveron diversas reunións dende setembro de 2005, sen alcanzarse acordos, deixando para o fin da fase negociadora estas cuestións, e resolvendo definitivamente condicionar a sinatura do convenio colectivo á resolución de tal cuestión, mediante este procedemento de solución extraxudicial.

Terceiro.—O trámite de audiencia ás partes, aos efectos de manifestar as súas alegacións ao árbitro, tivo lugar en data 29 de marzo. Os participantes son as mesmas persoas que figuran na acta de compromiso arbitral, e ás que se fixo referencia no apartado primeiro destes antecedentes.

Cuarto.—A representación dos traballadores manifestan ao árbitro, recollido de forma sucinta, que o 1 de xaneiro de 1997, e por tres anos, asinouse un convenio na empresa SANTAZ-CENSA, S. A. No ano 2001, e por crise da anterior, creouse unha sociedade laboral, achegando, practicamente tódolos traballadores, á nova sociedade, as prestacións por desemprego, cantidades satisfeitas polo Fogasa, e os créditos hipotecarios sobre instalacións. Así mesmo, decidíuse a vixencia e continuidade do convenio colectivo da antiga empresa, que sería de aplicación ata que entrase en vigor un novo substituíndo ao anterior na súa totalidade como tal conxunto normativo. Na práctica, o que se produce é unha situación de plena continuidade empresarial, sen prexuízo dos cambios na titularidade. A cuestión que se debate en definitiva, é a aplicación da antiga Ordenanza Laboral para as Industrias Siderometalúrxicas, relacionada co artigo 25 do antigo convenio de Santaz-Censa, S. A., que regula este concepto mediante quinquenios, e complementándose coa citada Ordenanza aos efectos da data da súa remuneración, ao non estar expresamente previsto no citado convenio colectivo. Sinalan os representantes sindicais que, nestes últimos cinco anos xerouse un novo quinquenio, sendo de aplicación a previsión da Ordenanza para ser percibido polos traballadores.

Na actual negociación colectiva, coa nova sociedade anónima, sucesora da antiga Sal, esta cuestión está solucionada na propia negociación, quedando unicamente sen resolver, precisamente, a data a partir da cal se devenga o concepto salarial por antigüidade. Manifestan así mesmo ao árbitro o feito de que a propia empresa ofreceu, no seu momento, pagalo dende abril, non estando os representantes dos traballadores de acordo ao considerar que debe ser efectiva nos termos previstos na ordenanza laboral siderometalúrxica. A porcentaxe por antigüidade está acordada en acta de negociación do convenio colectivo. Así mesmo, sinalan neste trámite de audiencia, as peculiaridades que se dan para os traballadores na constitución dunha sociedade anónima laboral, ante a crise da anterior empresa, e por outra banda, significando o coñecemento que parte dos actuais socios tiñan da situación como integrantes dunha consultora que interveu sobre a xestión da empresa a partir do ano 2002. Ademais, instrumentalmente desaparece o concepto de antigüidade substituído por un concepto salarial denominado plus de afectación.

Quinto.—Pola súa banda, a representación da empresa sinala que estamos ante unha situación complexa pola confusión entre a representación social e económica dos pasados anos, situación que se mantivo ata setembro do ano 2005, cando descualificouse a antiga Sal e converteuse en Sociedade Anónima. Estaríase ante un problema de deslinde entre ámbalas dúas calidades de representación, significando ademais que a empresa quere unha nova negociación colectiva, para o cal se comezou a negociación en setembro de 2005. No 2001, doce traballadores constitúen unha sociedade limitada laboral, posteriormente transformada en sociedade anónima laboral, que recolle aos antigos traballadores, fixando antigüidade do 14 de xuño de 2001, e cumprindo o compromiso de reingreso.

A cuestión que se debate é se pode existir continuidade para estes efectos, entendendo a representación empresarial que a solución está no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores e en Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2002, que ante litixios en materia de antigüidade e complementos, motivados por demandas de traballadores aos que a propia Sal se opón, e por iso recorre, decide que non hai subrogación, sinalando a relación laboral como nova. Non se pode estar, en definitiva, á conveniencia dunha parte en cada momento, senón manter unha liña coherente coa lei e coas decisións xudiciais. Manifesta así mesmo que a intervención da sociedade consultora foi a petición dos órganos rectores da propia SAL, e que é a propia SAL quen non recoñece a antigüidade. Así mesmo, non consta ningún procedemento de adhesión ao antigo convenio colectivo de Santaz-Censa, S. A. no ano 2001 ou seguintes. A empresa, que negocia un novo convenio colectivo a partir de setembro de 2005, só acepta o concepto de antigüidade como elemento de negociación ou de xestión empresarial.

Sexto.—Os representantes dos traballadores achegan ao árbitro dous actas de negociación de convenio, de datas 27 de outubro de 2005 e 16 de

xaneiro de 2006, acordo do 23 de setembro de 2004, referencia da Ordenanza Laboral para as Industrias Siderometalúrxicas e do seu artigo 76, convenio colectivo da antiga Santaz-Censa, S. A., e sentenza de 8 de xullo de 2005 do Xulgado do Social Número Tres de Vigo. Pola representación da empresa achégase certificación de que ningún traballador percibe na actualidade cantidade ningunha polo concepto de antigüidade, de data 28 de marzo de 2006, dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de abril de 2002 e do 6 de novembro de 2002, en recurso de suplicación. Ámbalas dúas partes, así mesmo, trasladan ao árbitro senllos escritos onde constan alegacións.

Sétimo.—No presente procedemento o árbitro considera perfectamente garantidos os principios de audiencia, contradicción e igualdade, xa que as partes puideron explicar ante o árbitro diferencias e motivos destas, alegando o que estimaban pertinente, con contradicción entre estas.

FUNDAMENTOS DA ARBITRAXE

A cuestión que se formula á decisión arbitral deriva dunha decisión complexa, que considera non só un conflito de solución xurídica, senón tamén con elementos ou aspectos de conflito de intereses. Así mesmo se formulan polas partes elementos de técnica xurídica, elementos instrumentais e outras cuestións propias dun conflito de intereses, elementos todos eles que provocan a complexidade referida. Parte o árbitro da premisa de non entrar naquelas cuestións que teñen que ver coa determinación da existencia ou non dunha problemática de sucesión de empresas, pola creación en 2001 da sociedade laboral, primeiro limitada e logo anónima, e valorar diferencias entre empresa en crise e creación da nova sociedade laboral, formalización e causa da transmisión de elementos patrimoniais ou integrantes da explotación, procedencia do capital achegado polos traballadores, etc., toda vez que partimos do feito fáctico de que na nova sociedade laboral intégranse a práctica totalidade dos traballadores, e coas consideracións que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 2002, achegadas pola empresa, efectúanse.

A representación empresarial parte duns presupostos xurídicos, ben defendidos polo seu letrado-asesor, que en principio inclinan cara ás teses empresariais a cuestión en litixio. As dúas decisións xurisdiccionais do Tribunal Superior, na que é a propia Sociedade Anónima Laboral a recorrente, enmarcaría a cuestión na imposibilidade de ir, en dereito, contra os propios actos, situación que se formularía ao ser os propios traballadores integrantes da Sal, como se dicía, os recorrentes. O resto da argumentada posición empresarial prodúcese no mesmo sentido, dada a dobre calidade de traballador e integrante dos órganos propios das sociedades laborais das mesmas persoas.

Sen embargo, na delimitación previa do suposto convén sinalar que a aplicación das solucións xurisdiccionais nesta materia e nas formuladas no seu día ante os Xulgados do Social e resoltas polo Tribunal Superior, teñen un enorme contido casuístico, presuposto que en todo caso se debe de manter na análise de tales decisións xudiciais. Mesmo algunha sentencia, como a achegada polos traballadores do 8 de xullo de 2005, poderían entenderse como matización ás solucións anteriores.

Tamén convén sinalar o carácter necesariamente instrumental e por iso con decisións deste tipo, ás veces de contido contradictorio, que se observa na transmisión de empresas coa aparición de sociedades laborais, en procedementos de superación de crise, co fin de evitar medidas traumáticas sobre o mantemento e estabilidade no emprego dos traballadores. Estes procedementos supoñen, expresa e tacitamente, a utilización de mecanismos que compatibilicen a aplicación das normas establecidas no ordenamento laboral, mercantil, fiscal, que afectan a tódalas iniciativas empresariais con carácter xeral, coas necesidades que a propia superación da crise e permanencia no emprego supoñen, a través dunha entidade de economía social.

Outros aspectos necesitan a consideración do árbitro actuante. O primeiro deles é facer referencia a certa problemática, que poderiamos englobar nos epígrafes de prohibición de fórmulas de autocontratación polos propios traballadores e mantemento da doutrina que impide ir contra os propios actos. Efectivamente, unha primeira visión podería aparentar a existencia de elementos destas formulacións irregulares. Pero tamén é sabido que a xurisprudencia e a doutrina máis actual, recoñecen para estas entidades de economía social, ferramenta en moitos casos de mantemento de emprego e entidades empresariais, un plus de laboralidad para os integrantes destas sociedades, con respecto aos propios actos que os socios traballadores dispoñen nos órganos de goberno, e que son perfectamente compatibles cos intereses que os mesmos tamén teñen como traballadores. Este plus de tipificación laboral permite este dobre xogo, e obriga a certa flexibilidade na valoración destas situacións. É oportuna, nesta orde de cousas a admisión que a doutrina xudicial efectúa, da posibilidade de que nas sociedades laborais se poida dar mesmo a calidade simultánea de membro do Consello de Administración e de alto directivo. Estas consideracións permítennos sinalar que debe de valorarse como unha solución instrumental, esta dobre calidade por parte dos traballadores e non entender no caso presente de supostos de autocontratación.

A segunda das cuestións refírese á certificación emitida pola empresa sobre o feito de que non se aboa ningún concepto retributivo por antigüidade. Sen embargo, hai que sinalar que tódolos traballadores perciben un concepto salarial denominado

plus de afectación, de idéntica contía ao anterior de antigüidade. Novamente o carácter instrumental de certas decisións, hai que velo á luz do establecido nos apartados anteriores. Por outra parte, as propias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en asuntos relacionados con percepcións de traballadores da SAL, así determínano, seguindo o antigo aforismo de que as cousas son o que son e non como llelas denomine.

Tamén convén reflectir o feito contradictorio do coñecemento ou non por parte da actual dirección da Sociedade Anónima dos anteriores feitos. O árbitro, nesta cuestión, recolle o feito fáctico de que o actual 30% do conxunto de accionistas participou como integrantes dunha consultora, que coñeceu da xestión social nos tres primeiros anos de vida da sociedade laboral e que, a partir do 2004, fíxose cargo de xestión. Parece lóxico que aínda que poidan considerarse determinadas cuestións como elemento de negociación e de xestión, tamén non poida alegarse un descoñecemento da situación que impida facerse cargo e tomar razón de tales cuestións.

Sentados todos as anteriores extremos, o árbitro considera que convén establecer tres liñas de cuestións, que lle van servir para fundamentar a resolución do litixio: en primeiro lugar, a retroactividade do convenio colectivo de 1997-1999; en segundo lugar, o propio proceso de negociación colectiva seguido dende setembro de 2005; e terceiro, a doutrina, ben coñecida polos árbitros, de "Última das posicións"e a súa aplicación ao caso. Pois ben, o árbitro admite como posible, que unha vez constituído a Sal e como consecuencia da necesidade instrumental do momento e polo plus de laboralidade anteriormente mencionado e recoñecido pola doutrina xudicial moderna nos supostos de entidades de economía social, a ultractividade do citado convenio en tanto en canto se substituíse por outro na súa totalidade, e con nova norma pactada. Ademais, a existencia dun procedemento de negociación colectiva, iniciado en setembro de 2005, e pechado á data en tódolos temas, agás no concreto sobre a antigüidade que nos ocupa, manifesta a intención de ámbalas dúas partes, primeiro de negociar un convenio colectivo novo e axeitado, pero, por outra parte, tamén a substitución do anterior, regulador das condicións e réxime do concepto retributivo por antigüidade, malia a súa denominación como plus de afectación. Na acta do 23 de setembro de 2004, no seu apartado 4, sinálase expresamente que "polo Grupo investidor comunicarase previamente o momento en que a Sociedade pase de ser S. A. L. a ser S. A., subrogándose a nova Sociedade en tódalas condicións laborais e económicas dos traballadores". O 8 de setembro de 2005 descualificouse a sociedade laboral e inmediatamente comezou un proceso de negociación colectiva. Na acta de negociación colectiva de data 27 de outubro de 2005, dentro da negociación do convenio, e como acordo, no apartado 7, sinálase que a dirección acepta que para os actuais traballadores o convenio aplicable é o de Santaz-Censa, S. A., e en acta do 16 de xaneiro de 2006, tamén dentro da negociación do convenio e como preacordo sobre o convenio colectivo de Gándara Censa, S. A., recóllese un concepto de antigüidade que sinala que "pagarase ao persoal que estaba en Santaz Censa e constituíu a S. A.L., e aos traballadores con contrato indefinido a 30/11/05 que se incorporaron despois.

O persoal con contrato temporal a 30/11/05 ou de nova incorporación non terá dereito ao complemento de antigüidade. Será un 5% do salario base o primeiro quinquenio, e un 0,8% anual os seguintes anos. Aplicarase ata o 2011 inclusive. En 2012 volverase a negociar este tema.

Queda pendente dos informes xurídicos, ou dunha posible arbitraxe, a data de comezo de pagamento, ben conforme ao que establecía a derrogada Ordenanza Siderometalúrxica, ou á data de cumprimento da antigüidade que dá dereito ao cobramento deste concepto de acordo ao convido". Estes tres elementos configuran que o litixio non é, na práctica, o recoñecemento do concepto por antigüidade, senón a data da súa aplicación con respecto aos quinquenios que, de 2001 ata aquí, xeráronse polos traballadores. É neste contexto, cando o árbitro toma e formula como referencia a doutrina da última das posicións, que efectivamente se concreta nas dúas últimas actas reflectidas; Ineludiblemente, o árbitro ten que acudir, como criterio de interpretación lóxica, ao previsto no convenio actual, en tanto non se substitúe polo recentemente xa negociado e que condiciona a súa entrada en vigor a esta solución arbitral. E o convenio que por decisión das partes se aplica ata a data, prevé no seu artigo oitavo, que "a Ordenanza de Traballo para a Industria Siderometalúrxica, aprobada por Orde do 29 de xullo de 1970, e que foi derrogada por Orde do 17 de febreiro de 1988, siga sendo de aplicación naqueles aspectos non regulados polo presente convenio". E a citada Ordenanza Laboral prevé no seu artigo 76 e), que "os aumentos periódicos por anos de servizo comezarán a devengarse a partir do primeiro de xaneiro do ano en que se cumpra cada quinquenio, se a data de vencemento é anterior a 30 de xuño, e dende o primeiro de xaneiro do ano seguinte se é posterior". Estas, en definitiva, son as consideracións polas que o árbitro chega á seguinte solución.

Baseándose en todo o anterior, resolvo a cuestión formulada no conflito dictando o seguinte laúdo conforme ao artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos Colectivos de Traballo, publicado no DOG do 4 de marzo de 1995, que ten a seguinte:

PARTE DISPOSITIVA

É de aplicación ao concepto de antigüidade para os traballadores da empresa GANDARA CENSA, S.A., as disposicións contidas no convenio colectivo para os anos 1997-1999 da empresa SANTANZ-CENSA, S.A., nos termos e para os traballadores previstos en tal convenio e nos acordos de negociación colectiva reflectidos nas actas de 27 de outubro de 2005 e Preacordo do convenio colectivo do 16 de xaneiro de 2006.

O presente laudo poderá recorrerse ante a xurisdicción social nos termos establecidos no apartado 4 do art. 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos Colectivos de Traballo (AGA).

Dado en Santiago a 10 de abril de 2006.—O árbitro, José María Casas de Ron.

Vigo, 12 de maio de 2006.—O delegado provincial, Pedro Borrajo Rivas. **2006005015**

◆◆

Diputación Provincial

Asunto: Convocatoria para el pago de los importes de los depósitos previos y en su caso de las indemnizaciones por urgente ocupación, así como del levantamiento de actas de ocupación, en relación a la finca nº 118, propiedad de D. Javier Muñiz Portela y a la finca nº 119, propiedad de D. José Manuel Pérez Méndez, afectadas por el expediente de expropiación derivado del proyecto denominado "Ensanche C.P. 9303 Meaño- Dena", llevado a cabo por la Excma. Diputación Provincial de Pontevedra, y cuya urgencia ha sido declarada por el Decreto 441/2003, de 5 de diciembre.

En cumplimiento de lo establecido en el artículo 52, consecuencia 4ª y siguientes de la Ley de Expropiación Forzosa, de 16 de diciembre de 1954, y concordantes de su Reglamento, por el Ilustrísimo Sr. Presidente de la Excma. Diputación Provincial de Pontevedra, se ha dispuesto que se proceda al pago de las cantidades señaladas como depósitos previos e indemnizaciones por rápida ocupación, así como a la posterior e inmediata ocupación de los bienes y derechos necesarios para la ejecución de las obras objeto del expediente expropiatorio de referencia, y cuya relación figura expuesta en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Meaño, en el día y hora que se indican a continuación.

Ayuntamiento de Meaño - 5 de julio de 2006- diez (10.00) de la mañana

Número de finca: 118.

Propietario: Javier Múñiz Portela.

Importe: 519,87 euros.

Número de finca: 119.

Propietario: José Manuel Pérez Méndez.

Importe: 662,00 euros.

Total: 1.181,87 euros.

Los importes de los depósitos previos y en su caso de la indemnización por la rápida ocupación, se harán efectivos al interesado o persona que debidamente le represente, previa aportación para su examen de la documentación acreditativa del bien o derecho afectado, en el lugar y fecha mencionado.

Dicha documentación consistirá en:

D.N.I y poder que acredite la representación, en su caso.

Certificación del Registro de la Propiedad actualizada a esta fecha. En el supuesto de encontrarse la finca gravada con alguna carga, deberá aportar autorización del acreedor.

Si la finca no estuviese inscrita en el Registro de la Propiedad, certificación de la propiedad acreditativa de tal extremo y documento acreditativo de su titularidad.

Último recibo del I.B.I

De no comparecer el interesado, o de no haber sido recogidos los importes correspondientes en la indicada fecha, o si no pudiera hacerse abono de ellos por existir cuestión de titularidad u otra que impida su pago, se procederá a su inmediata consignación en la Caja General de Depósitos, de no haberse ya realizado con anterioridad.

La recepción del depósito previo o su consignación habilita a la Administración para proceder a la inmediata ocupación y toma de posesión de los bienes y derechos expropiados relativos a la finca de su propiedad al amparo de lo dispuesto tanto en el artículo 51 de la Ley de Expropiación Forzosa como en la consecuencia 6ª del artículo 52 de la citada Ley, sin que sea admisible al poseedor entablar interdictos de retener y recobrar; por otro lado y de acuerdo con lo establecido en el párrafo 3º del citado artículo 51," La Administración expropiante podrá entrar y tomar posesión directamente de los bienes expropiados, una vez cumplidas las formalidades establecidas en esta Ley, recabando del Subdelegado del Gobierno, si fuese preciso, el auxilio de la Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado para proceder a su ocupación".

Levantada en su día el acta previa a la ocupación y pagados el depósito previo a la ocupación y, en su caso, la indemnización por rápida ocupación, y cumplidos los requisitos previos establecidos en la Ley, esta Administración procederá a la inmediata ocupación de la finca de su propiedad levantándose a tal fin el Acta de Ocupación o elevando la mencionada Acta Previa a la condición de Acta de Ocupación definitiva, acto para el que asimismo, se cita a los interesados mediante el presente anuncio en el lugar, día y horas a que se ha referido anteriormente.

Efectuada la ocupación de la finca, se tramitará el expediente de expropiación en sus fases de justiprecio y pago, según la regulación general establecida en la Ley de Expropiación Forzosa.

Pontevedra, 26 de junio de 2006.—El Presidente, ilegible. **2006006328**

AYUNTAMIENTOS

CANGAS

ANUNCIO

O Concello Pleno, na sesión ordinaria iniciada as 20:00 horas do día 24 e finalizada ás 00:05 horas do día 25 de febreiro de 2006, aprobou inicialmente a Ordenanza de Inspección Técnica de Edificacións do Concello de Cangas. Nese mesmo acordo, ordeouse a exposición o público por 30 días, que se realizou mediante anuncio no BOP de 13 de Marzo de 2006, así como no taboleiro de anuncios do Concello. Asemesmo, remitiuse dito acordo o Colexio Oficial de Enxeñeiros industriais de Vigo, Colexio Oficial de aparelladores Arquitectos Técnicos de Vigo e Colexio Oficial de Arquitectos de Vigo.

No período de exposicion pública formulouse diversas alegacións polo Colexio oficial de Aparelladores e arquitectos técnicos da provincia de Pontevedra.

O Concello Pleno en sesión de data 26 de Maio de 2006 acordou aprobar definitivamente a citada ordenanza e desestimar tódalas alegacións formulados salvo unha. Contra a aprobación definitiva, que pon fin a vía administrativa, da Ordenanza poderá presentarse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da públicación deste anuncio no BOP, sen prexuizo de que os interesados poidan interpoñer calquer outro que estimen convinte.

O texto integro da ordenanza aprobada definitivamente transcribese como segue:

ORDENANZA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia(LOUGA), regula no seu artigo 9 o deber dos propietarios dos terreos, construccións, edificios e instalacións de mantelos en condicións de funcionabilidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade.

Xunto a ese deber consagrado no artigo 9 da LOUGA, o artigo 200 da mesma, emite un mandato claro os concellos de que regulen mediante ordenanza o deber de inspección periódica de edificacións, para determina-lo estado de conservación. O devandito precepto pretende reforzar a vixianza e control preventivo do estado de conservación das edificacións debido a preocupación social que se xenerou en torno ó estado das mesmas.

Esta ordenanza persigue fundamentalmente tres obxectivos fundamentais:

En primeiro lugar, cumprir un mandato legal, como é o recollido no artigo 200 da LOUGA, que esixe a regulación da inspección técnica das edificacións por parte dos concellos mediante ordenanza.

En segundo lugar, proceder a establecer un mecanismo reforzado de control preventivo no cumprimento das obrigas de conservación que recae sobre os propietarios.

E en terceiro lugar, establecer unha cultura nos cidadans, en colaboración cos técnicos competentes, da transcendencia que ten manter en perfecto estado a conservación das edificacións co obxecto de coñecer as patoloxías da mesma no convencemento de que se derivarán actuacións inmediatas para evitar que a súa demora incremente o custo de reparación, o que redunda nunha mellor conservación xeral da edificación e, a par, supón dende unha perspectiva global un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de todo o municipio.

No que se refire ó contido propio desta ordenanza, para dar satisfacción ós obxectivos expostos, establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia Ordenanza mediante a obtención dun informe de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido,e na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a tódolos propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Cangas, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruína ou sometidas a expediente contradictorio de ruína mentres non exista resolución firme.

Para tódolos edificios existentes á entrada en vigor da Ordenanza, os prazos para a presentación do primeiro informe empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO, OBXECTO E CONTIDO DA ORDENANZA

1. Regúlase nesta ordenanza o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o estado de conservación destas en cumprimento do disposto no artigo 200 da LOUGA.

2. Establécese nesta ordenanza a obriga formal dos propietarios de edificacións de acredita-lo cumprimento do deber de conservación concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estructurais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta Ordenanza.

3. Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estructurais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

a) Seguridade, estabilidade e consolidación estructurais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estructurais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.

b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos constructivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden cair á vía pública.

c) Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

4. O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

ARTIGO 2.—OBRIGADOS

1. Están obrigados a cumpri-lo deber de inspección periódica reguladas nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, que sexan propietarios ou titulares de calqueira tipo de edificacións situadas no termo municipal de Cangas.

2. No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a inspección técnica de edificacións corresponderá a propia comunidade, e subsidiariamente, cada un dos propietarios na parte proporcional a cuota que teña na comunidade.

ARTIGO 3.—EDIFICACIÓNS SUXEITAS Ó DEBER DE INSPECCIÓN PERIÓDICA

1. Os efectos desta ordenanza, as edificacións afectadas polo deber de inspección periódica, serán tódalas situadas no termo municipal de Cangas, con independencia do seu uso ou destino(residencial, industrial, etc).

2. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruína por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruína.

ARTIGO 4.—FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN

Establécese a obriga de realizar unha Ficha Técnica da Edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo I.

ARTIGO 5.—INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DA EDIFICACIÓN

1. A obriga formal de acredita-lo cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán os establecidos nesta Ordenanza.

2. De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha de constituír no Concello de Cangas. Poderán presentalo, ademáis dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador.

3. Para o caso de edificacións pertencentes ás Administracións públicas os informes poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

ARTIGO 6.—CONTIDO DO INFORME

1. O informe expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estructurais, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente ós seguintes aspectos:

a) Estado da estructura e cimentación.

b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.

c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.

d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.

e) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.).

2. Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

3. Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección e sinalar as posibles causas e as obras necesarias por realizar, con indicación de prazos de inicio e de execución estimados das mesmas.

